



## GALERÍA DE ARTE

# Amarcord

**N**ARRA François Rabelais como Pantagrueu na súa máis tenra infancia bebera o leite de nada menos que de catro mil seiscentas vacas e, como, noutra ocasión, comera, sen ningunha dificultade, un oso. Ó ve-las esculturas de Ramón Conde, párecenos como se fosen amamantadas pola ama de cría do fillo de Gargantúa, xa que as dimensións que alcanzan son realmente pantagruélicas.

Un centro comercial, Área Central, volveu ser elixido, como xa vén sendo habitual, polo artista para exhibir espídos. Os transeúntes sentímonos observados por unhas miradas inquietantes, pensantes, cargadas de gran contido e de ansiedade. Asemade convertémonos en observadores dunhas figuras que locen as súas carnes, desparraman os 'michelíns', ostentan trofeos de colesterol sen ningún tipo de complexo, pregando as masas como auténticos enca balgamentos xeolóxicos. É que efecti-

vamente moitas delas nos lembran masas pétreas de formacións oroxénicas. O escultor mergullouse pola era paleolítica, recolleu os ecos giottescos, miguelanxèlescos, boterianos e en ocasións surrealistas.

Estas figuras xa entradas en carnes desde a súa infancia eran hai uns anos imaxes un tanto andróxenas. Agora o artista levounas á madurez e por iso amosan ostensiblemente os atributos sexuais propios da natureza humana. Os antigos gordos anteriores á súa estadia americana, agoiraban xa a madurez presente. Estes 22 pecadores de gula que se exhiben como figuríns recollen avances na produción artística do noso autor:



As gordas de Ramón Conde

uns incorporaron o oco como xa o fixera Gargallo; outros deixaron de estar sós para se emparellaren; algúns simplemente se fixeron máis aéreos; algúns outros deixaron de seren tan camaleónicos.

**Fátima Otero**